

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I0WY	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 09-06-20 12:20

Número 3 .- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación do I Plan de contratación do concello de Santiago de Compostela para 2020.

Destinatario

15078DCMG14I0WYM



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria - urxente que tivo lugar o día 05 de xuño de 2020, adoptou o seguinte acordo:

3 .- PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE PERSOAL RELATIVA Á APROBACIÓN DO I PLAN DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA 2020.

Dase conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta do director de área de Réxime Interior, de data 5.6.20, ao cal presta a súa conformidade a concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local; así como do informe da xefe de servizo de Contratación, que conta co conforme do director da área de Réxime Interior, de 5.6.20.

A devandita proposta transcríbese de seguido:

"PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE APROBACIÓN DO I PLAN DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2020

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTO ECONÓMICO ACTUAL

De conformidade co artigo 28.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (BOE 9.11.2017) - en adiante LCSP- as entidades do sector público programarán a actividade de contratación pública, que se desenvolverá no exercicio orzamentario ou en períodos plurianuais.

Á vista do disposto no citado artigo, dende a Concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1410WY	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 09-06-20 12:20

Administración Local, confeccionouse o I Plan de Contratación deste Concello e que figura no Anexo que se achega.

O plan recolle as previsións contractuais remitidas polos distintos servizos municipais, de acordo coa información solicitada pola concelleira de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local.

O plan ten a finalidade de dar a coñecer nun único documento as necesidades institucionais que pretenden cubrirse mediante os contratos que se relacionan. Inclúe todos os contratos obxecto de licitación no exercicio 2020, tanto os licitados como os pendentes de licitar.

No contexto actual de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 no que nos atopamos dende o pasado 14 de marzo, e que motivou a declaración do estado de alarma polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo (BOE 14.03.2020), fai que o Plan de Contratación se converta nunha ferramenta das moitas que, sen dúbida, deberán artellarse para conseguir minimizar ou aliviar o escenario económico previsible. Se nun escenario de máis estabilidade a contratación pública alcanza valores económicos próximos ao 20% do PIB anual, no escenario actual a contratación pública será fundamental nos plans e medidas que todas as administracións arbitren no futuro máis inmediato como instrumento clave para a reactivación económica e a xeración de emprego.

Non obstante, tendo en conta que o Plan é un documento programático e de mera previsión en tanto que recolle datos de carácter estimativo e non vinculantes, e dado o contexto económico actual derivado da crise sanitaria, é probable que algunhas destas estimacións se vexan reforzadas ou moduladas, para adaptalas ás circunstancias que concorran en cada momento.

2. CONTIDO DO PLAN E PRINCIPAIS DATOS AGREGADOS

A previsión do Plan de Contratación do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2020 recolle un total de 113 contratos cun valor estimado de **794.922.794,31 euros**.

O valor de cada contrato inclúe o orzamento total de licitación, xunto coas súas posibles prórrogas e modificación orzamentarias. Non inclúe o IVE.

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1410WY		09-06-20 12:20

Non se inclúen contratos menores, nin os sistemas de auto provisión con medios propios; tampouco a provisión da actividade contractual das entidades públicas instrumentais do Concello.

Sen prexuízo de remarcar o carácter estimativo do Plan, en canto que poderán licitarse contratacións non incluídas no mesmo, e que se consideren necesarias para o cumprimento das atribucións competencias do Concello ou non licitarse algunhas das xa incluídas, as principais magnitudes agregadas por concellarías que resultan son as seguintes:

CONCELLARÍAS	Nº	VALOR CONTRA ESTIMADOS (SEN IVE)
ALCALDÍA	2	403.669,00
Asesoría Xurídica	1	303.986,00
Comunicación e Relacións Públicas	1	99.683,00
CONCELLARÍA DE POLÍTICAS SOCIAIS, SAÚDE, MEDIO AMBIENTE, PARQUES E XARDINS	7	628.096.707,58
Saneamento e abastecemento de auga	1	452.500.000,00
Residuos sólidos urbanos e limpeza viaria	1	114.027.864,00
Alumeado público	2	30.611.570,24
Parques e xardíns	1	18.104.407,70
Medio Ambiente	1	1.000.000,00
Servicios sociais e atención a persoas dependentes	1	11.852.865,64
CONCELLARÍA DE ECONOMÍA, FACENDA, PERSOAL, CONTRATACIÓN E MODERNIZACIÓN DE LA ADMINISTRACIÓN LOCAL	45	19.012.860,44
Informática	14	2.904.064,12
SMARTiAGO	5	3.928.252,93
Administración Xeral	3	7.556.850,45
Parque móbil	4	816.200,00
Persoal	2	326.852,96
Tesourería	2	1.801.652,89
EDUSI	15	1.678.987,09
CONCELLARÍA DE CENTROS SOCIOCULTURAI, BARRIOS E OBRAS	14	9.393.623,73
Vías públicas	12	4.911.870,14
Centros Socioculturais	2	4.481.753,59

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1410WY		09-06-20 12:20

CONCELLARÍA DE URBANISMO, VIVENDA, CIDADE HISTÓRICA E ACCIÓN CULTURAL	6	1.635.107,74
Urbanismo	5	1.593.785,43
Patrimonio	1	41.322,31
CONCELLARÍA DE MOBILIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ E FESTAS	9	122.330.143,17
Seguridade e orde pública	2	662.388,00
Tráfico	1	3.348.598,65
Extinción de incendios	2	368.034,52
Transportes	1	117.241.948,28
Festas e festexos	2	610.000,17
Protección Civil	1	99.173,55
CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN, MOCIDADE, IGUALDADE E POLÍTICAS LINGÜÍSTICAS	6	8.559.842,64
Educación	6	8.559.842,64
CONCELLARÍA DE DEPORTES E BENESTAR SOCIAL	4	1.500.180,68
Benestar animal	1	388.537,69
Deportes	3	1.111.642,99
CONCELLARÍA DE MEDIO RURAL	20	3.990.659,33
Medio rural	20	3.990.659,33

TOTAL	103	798.472.794,49
--------------	------------	-----------------------

POR TIPO DE CONTRATO	Nº Contratos	VALOR ESTIMADO (en €)
Concesións	2	569.741.948,28
Mixtos (Subministración /Servizo)	9	4.717.518,22
Obras	38	12.389.814,17
Servizos de I+D	1	518.769,23
Servizos	54	206.661.351,54
Subministración	9	893.392,87

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I0WY	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 09-06-20 12:20

TOTAL	113	794.922.794,31
--------------	------------	-----------------------

POR HARMONIZADO	Nº Contratos	VALOR ESTIMADO (en VE)
Concesión	2	569.741.948,28
Mixto (Subministración /Servizo)	7	4.572.063,70
Servizos I+D	1	518.769,23
Servizos	25	204.312.601,11
Subministración	2	527.272,73
TOTAL	37	794.672.855,05

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS INTERNOS

Ademais dos obxectivos xerais sinalados, este instrumento de planificación permite no conxunto da organización:

- **Evitar:** tramitacións anticipadas pola premura de prazos; reparos de legalidade por inadecuada planificación e prestacións sen contrato; a recurrencia sistemática á contratación menor propia de necesidades puntuais e urxentes que non puideron ser previstas e planificadas, e non é axeitada para prestacións de trato sucesivo e repetitivas; a acumulación de expedientes no Servizo de Contratación; os fraccionamentos e os chamados "contratos ponte", na medida do posible.
- **Facilitar:** a redución de prazos para a presentación de ofertas nos contratos suxeitos a regulación harmonizada coa publicación dos respectivos anuncios de información previa segundo o artigo 156 da LCSP, que poderían reducirse a 15 días; o seguimento da execución orzamentaria; as técnicas de agregación para contratacións esencialmente idénticas en canto a prestacións,

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1410WY	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 09-06-20 12:20

especialmente naquelas susceptibles de división en lotes; a fixación previa de criterios técnicos comúns e a implementación da necesaria disciplina planificadora nas distintas unidades de xestión.

En base ás previsións efectuadas polas distintas Direccións de Área e Servizos Municipais, e segundo o presente informe, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local, e coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 28.4 da LCSP, a adopción da seguinte **RESOLUCIÓN**:

- **PRIMEIRO:** Aprobar o I Plan de Contratación 2020 do Concello de Santiago de Compostela, que se xunta á esta Resolución.
- **SEGUNDO:** Publicar o I Plan do Contratación no perfil do contratante do Concello sito na Plataforma de Contratación do Estado e no Portal de Transparencia da web municipal.
- **TERCEIRO:** Encomendar á Dirección de Área de Réxime Interno o envío ao Diario Oficial da Unión Europea dos anuncios de información previa a que se refire o artigo 134 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación aos contratos harmonizados e daqueles outros que se consideren, previa conformidade emitida pola concelleira de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local. Así mesmo, encomendarlle a esa Dirección de Área o desenvolvemento operativo do Plan, a súa implementación e seguimento, baixo á dirección da concelleira de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local.
- **CUARTO:** Publicado o I Plan de Contratación, para que o Servizo de Contratación poida atender propostas de prolongación de servizos de trato sucesivo que finalizasen a súa vixencia, incluídas as súas prórrogas, sen un novo contrato que as suceda, será necesario informe motivado que deberá estar asinado pola persoa titular da Dirección de Área, ou Servizo no seu caso, e pola concelleira ou concelleiro respectivo. Nese informe se sinalarán as causas polas que, maila planificación previa non se puido contratar, sen solución de continuidade o novo contrato. Exceptúanse os supostos derivados de acontecementos imprevisíbeis que sinala o último parágrafo do artigo 29.4 da LCSP."

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I0WY	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 09-06-20 12:20

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes o seguinte:

- PRIMEIRO: Aprobar o I Plan de Contratación 2020 do Concello de Santiago de Compostela, que se xunta ao expediente.
- SEGUNDO: Publicar o I Plan do Contratación no perfil do contratante do Concello sito na Plataforma de Contratación do Estado e no Portal de Transparencia da web municipal.
- TERCEIRO: Encomendar á Dirección de Área de Réxime Interno o envío ao Diario Oficial da Unión Europea dos anuncios de información previa a que se refire o artigo 134 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación aos contratos harmonizados e daqueles outros que se consideren, previa conformidade emitida pola concelleira de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local. Así mesmo, encomendarlle a esa Dirección de Área o desenvolvemento operativo do Plan, a súa implementación e seguimento, baixo á dirección da concelleira de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local.

**A CONCELLEIRA SECRETARIA SUBSTITUTA DA XUNTA DE GOBERNO DA
CIDADE DE SANTIAGO**

Asdo: Marta Abal Rodríguez



